


-INVERSATEATRO
KAMOURASKA



-INVERSA TEATRO

KAMOURASKA

Dramaturxia e dirección: Vanesa Sotelo.
Con María Caparrini, Beatriz Campos e Marta Pérez.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO

AGADIC

Agencia Galega das
Industrias Culturais

Dramaturxia e dirección: Vanesa Sotelo.

Intérpretes: María Caparrini, Beatriz Campos e Marta Pérez.

Espazo Sonoro: Juan Hernández (Ronett Studio)

Escenografía: La Böcöque.

Deseño gráfico cartel: María Rodríguez.

Fotografía: Orzo Abrunheiras.

Vestuario: Inversa Teatro.

Entre o encerro e o refuxio. Kamouraska é un lugar mental no que as súas tres habitantes (entre humanas e caninas) teñen a posibilidade de reinventar un universo con regras propias no que o xogo é rirse da infelidade para ser feliz.

O desequilibrio entre a necesidade e a imposibilidade de amar, de pertencer a un lugar e de soñar dá pé a un espectáculo de corte contemporáneo e carácter asociativo que procura o riso como vía de escape ante o violentísimo acto de existir.

Pensada como unha comedia cruel dentro dunha traxedia subterránea, Kamouraska ofrece once embates percorridos de excentricidade, elementos grotescos e desenfadados que desembocan nun cambio de pel das actrices en escena.



Albrunheiras Foto



Kamouraska é un proxecto de creación escénica de corte contemporáneo e carácter asociativo. A proposta xorde a partir da peza *Le langue-à-langue des chiens de roche*, do autor quebequés Daniel Danis. O suxestivo universo desta obra ubicada nunha illa imaxinaria do río Saguenay onde se realizan raves salvaxes para que os seus habitantes liberen os seus instintos e onde os ouveos dos cans vixían aos seus amos como testemuñas mudas das súas vidas serve de motor para emprender unha aventura de escrita dunha nova peza a partir do traballo coas actrices en escena. O obxectivo final é acadar unha comedia cruel onde o humor e a violencia se mesturen como vía de escape dese enigma que é o feito de estar viva.



Kamouraska é un lugar no que conviven a necesidade de amar e a imposibilidade de amar; é unha zona que abarca a necesidade de pertencer e a imposibilidade de pertencer; é un sitio limitado entre a necesidade de soñar e a imposibilidade de materializar os soños; é un punto de desequilibrio entre a necesidade de vivir e a imposibilidade de seguir vivo. Kamouraska é unha traxedia subterránea dentro dunha comedia cruel para tres actrices que investiga os mecanismos do posdrama e a convivencia do humor e a violencia como vía de escape para contemplar o incomprendible que nos rodea e nos moldea.

Kamouraska é un proxecto de creación escénica, fundamentado no traballo actoral, mais sostido pola potencia do visual e do sonoro deica acadar unha peza paisaxe composta por paisaxes corporais, paisaxes visuais e paisaxes sonoras que captan ao espectador máis pola vía da contemplación que pola comprensión, máis polo irracional que polo racional, máis polas impresións que pola causalidade.


Vanesa Sotelo

Actriz, dramaturga e directora teatral. Traballou en diferentes compañías como Arela das Artes, a francesa Amphi-Théâtre, Inversa Teatro e Teatro no Aramio para quen escribe e dirixe montaxes como O asasino sorrinte (premiado no certame Na Vanguarda 2005). Foi dramaturga residente para o CDG coa obra Estigma en 2008 e artista en residencia para a mesma institución en 2009 con Corpo-puta-vaca-berro. En 2010 obtivo o Premio do Xurado do certame “Diario Cultural” de Teatro Radiofónico con Indoor. Actualmente, é colaboradora e membro do consello de redacción da Revista Galega de Teatro e acaba de rematar os seus estudos de dirección de escena na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, ademais da licenciatura en xornalismo que posúe.



María Caparrini

Actriz. Comeza a súa carreira profesional en Skené Teatro e Arela das Artes. No ano 2008 recibe o premio Folla D’Ouro á mellor actriz protagonista no Festival de Teatro de Ribadumia coa obra de Aristófanes “Asamblearias” (Skené Teatro). Actualmente traballa coma actriz para outras compañías: Galitooon, Inversa Teatro e Escena Turística. Estudia Interpretación Textual na Escola de Arte Dramática de Galicia ademais de formarse coa Compañía de Teatro Tascabile Di Bergamo, Julio Castruonovo, Jango Edwards, Peter Ercolano, Manuel Lourenzo, Santiago Fernández, Manane Rodríguez, Artur Trillo, Anabell Gago, Cristina Domínguez, Elisenda Renom y Andreu Raich entre outros.



Beatriz Campos

Actriz. Comeza a súa experiencia teatral en 1991 coa Compañía A Mimosa no que estivo durante doce anos facendo diversas obras de creación colectiva dirixidas por Carlos Yus, forma parte tamén da Aula de Teatro de Pontevedra. Participou nas lecturas dramatizadas da Revista galega de teatro das obras “Pis” dirixida por Vanesa Sotelo, “Origami” dirixida por Dani Salgado e “Act Tres” dirixida por Ricardo Solveira. No terreo profesional ten unha ampla experiencia como contadora en Kalandraka editora entre os anos 2.004 ata a actualidade realizando sesións de contacontos en Galicia, Asturias e Cantabria. Na actualidade leva a escena un proxecto propio “Contos nas Orelas” do que xa realizou máis de sesenta funcións. Actualmente traballa como actriz para outras compañías, como Migallas Teatro e Arela das Artes mentres cursa 4º de Interpretación textual na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESAD) na que gañou o Premio Ibérico de Interpretación II Certame Marta Sieiro.

Marta Pérez



Actriz e produtora teatral. Fundadora e propietaria da Cía. INVERSA Teatro no 2009 coa que leva tres producións teatrais. Estudiu interpretación nas escolas Santart e Espacio Aberto en Santiago de Compostela ademáis da licenciatura en Filosofía que posúe. Fundadora e co-propietaria da Compañía de Teatro Arela das Artes desde o 2002 ata o 2007 (inclusive) coa que realizou sete producións profesionais. Nesta compañía traballou con directores como Charo Amador, Carlos Álvarez-Ossorio, Roberto Cordovani e Charo Pita. Noutras Compañías como Cámara Negra Teatro, Noescafé Teatro (Alt Vigo), Fura dels Baus, Lingoretas ou Raigame Teatro foi dirixida por Lola Correa, Miro Magariños, Carlos Álvarez-Ossorio, Alejandra Juno e Quico Cadaval. No audiovisual fixo dobraxe e radio e tén participado en varias curtametraxes e longametraxes. Recentemente traballou un curso completo como actriz contratada na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (Esad galicia)

Juan Hernández

Músico e produtor musical. Desde o ano 1980 traballa ininterrompidamente no campo profesional da música, como músico, produtor e compositor; así coma en colaboracións para diferentes medios de comunicación (tv, radio, teatro, cine...). Desde o ano 2000 rexenta o seu propio estudo de gravación: Ronett. Nas súas numerosas producións discográficas traballou con artistas como Tanya Tagaq, Laio, Jesse Zubot, Xose Manuel Budiño, Mike Patton e Buck 65...entre moitos outros. traballou no mundo do teatro colaborando con compañías como Noescafé Teatro ou Cámara Negra. A nivel cinematográfico colaborou en proxectos nacionais e internacionais sendo o seu último traballo o deseño sonoro do filme Tungijuaq, dos directores canadienses Paul Raphaël, Félix Lajeunesse, recentemente seleccionada no Festival Internacional de Cine de Toronto. As súas producións recibiron numerosas nominacións e premios (Juno, WCMA, CAMA) e foi premiado como mellor produtor do ano 2005 nos Canadian Aboriginal Music Awards. Ademáis, desde os seus inicios como músico percorreu diversos festivais e concertos en xiras que o levaron por todo o estado español, así coma por Francia, Irlanda, Canadá, Portugal, U.k...



DATOS DE CONTACTO E CONTRATACIÓN

Caché:

2500 € (ive incluído)- Sen necesidades técnicas

3000 € (ive incluído)- Con necesidades técnicas

Contacto:

Inversa Teatro





Marta Pérez- 690 084 625 // 986 771 141

Camiño do Redondo 16

36993- Combarro- Pontevedra

inversa@inversateatro.com

www.inversateatro.com



PC filtrado azul intenso



PC sen filtrar



PC filtrado con CTB



Recorte ángulo amplo -
filtro azul claro

Plano 2

-INVERSA TEATRO